# Verán CULTURAL

# Melide 2019

## Venres, 9 agosto, ás 22:00 h



parque Rosalía de Castro

**Roi Casal, son galego, son cubano.**

Son galego, son cubano é considerado o maior espectáculo musical entre Galicia e Cuba que conta dun modo moderno e actual a histórica relación que une a ambos os países e a epopea dos galegos na illa caribeña.

## Sábado, 10 agosto, ás 22:00 h




praza do Convento

**The Cerne e Strobos.**

Con temas de soul, blues e rock dos anos 70-80 pero cunha adaptación feita polo grupo.

## Domingo, 11 agosto, ás 21:00 h

praza do Convento

**Agrupación folclórica Cantigas e Agarimos.**

**Mostra de música e baile tradicional galego.**

Hoxe en día é un dos grupos de baile tradicional máis recoñecidos de Galicia. O grupo realiza un importante traballo de recuperación de bailes, músicas, traxes, etc, por todo o país, que se volven a presentar ante o público intentando ser fieis aos orixinais. Na actualidade, o grupo de baile está composto por persoas que na súa maioría foron formadas na Escola de Muiñeira de Cantigas e Agarimos.

## Xoves, 15 agosto, ás 22:00 h

praza do Convento

**Orquestra de Cámara Galega, Orixes.**

A Orquestra de Cámara Galega dirixida por Rogelio Groba fará un percorrido por obras clásicas onde a raíz popular xoga un papel fundamental na xénese e no espírito destas mesmas e facendo fincapé nas orixes da música popular que ten en Galicia como máximo expoñente e representante ao compositor Rogelio Groba, con pezas inspiradas na foliada, na cantiga, na muiñeira, no alalá e na pandeirada.

*No caso de choiva: As actuacións serán na Casa da Cultura agás a do día 8 de agosto que será no Pazo de Congresos.*

**Concello de Melide**
Concellaría de Cultura, Turismo e Normalización Lingüística

**Deputación DA CORUÑA**

## Do 29 de xullo ao 12 de agosto, de 18:00 a 20:00 h

casa da cultura

**Exposición das obras do VI Premio Internacional de Arte Gráfico Jesús Núñez**

## Xoves, 1 agosto, ás 20:30 h

praza do Convento

**Cocido sinfónico. Un espectáculo infantil no que se combina teatro, humor e música.**

Despois dun singular proceso de selección, tres vagabundos comezarán a traballar no prestixioso restaurante Os Tres Tenedores como un cociñeiro, un camareiro e un xefe de cociña que nos amosarán o seu peculiar método para elaborar un menú. Achégate e acompáñaos no seu primeiro día de traballo.

## Venres, 2 agosto, ás 22:00 h



praza do Convento

**Faíscas da Pontraga.**

**Actuación de música tradicional.**

Faíscas da Pontraga fúndase no ano 2002 e desde aquelas son máis de 600 as actuacións desenvolvidas tanto en terrasgalegas como estranxeiras. Actualmente están gravando o que será o seu segundo disco.

## Sábado, 3 agosto, ás 22:00 h

praza do Convento

**MJ Pérez. Xira "Casandra".**




MJ Pérez continúa coa xira do seu último disco *Casandra*.
A artista arzuá presenta un novo repertorio que destaca pola combinación de estilos do máis diverso, mantendo a esencia característica da cantautora.
MJ fai unha simbiose entre todo o novo e algúns dos temas dos seus discos anteriores, mais totalmente renovados.

## Martes, 6 agosto, ás 20:30 h



praza do Convento

**Circo Chosco.**

**Circo gran formato "Forzu2"**

O humor e o absurdo son os fíos que tecen a trama dun espectáculo de dous atletas, dous cómplices que se compenetran realizando trucos imposibles diante do público. Risco, desastre, sorpresa e surrealismo crúzanse coa impecable técnica en forma de portes, acrobacias aéreas, malabares imposibles e lume. Sempre en formato de clown, agochados baixo a aparencia de superacróbatas, de grandes magos ou de malabaristas matematicamente perfectos.

## Mércores, 7 agosto, ás 20:30 h

praza do Convento

**Uxía Lambona e a banda molona.**



Esta banda de música infantil recolle os clásicos populares galegos dándolle o seu toque particular, dende A Carolina "rapeada" até O Jato "rockeiro"… pasando por outros moitos temas tradicionais, todos eles moi dinámicos, facendo que todos os nenos presentes sexan partícipes deste "des-concerto", cheo de bailes, xogos, coreografías e algunha que outra sorpresa!!.
Repertorio: *-A Sinfonía de Uxía -Tolo Chimpín -A Rianskeira -Isto báilase así -O tango de Carmela -A Carolina -O ghato Paco -O Canciño*… entre outras cancións dos nosos dous discos publicados.

## Xoves, 8 agosto, de 18:00 a 22:00 h




praza do Convento

**Garabato de xogos: garabateando.**

Xogos nos que poden participar xentes de todas as idades. Xogos únicos fabricados con materiais reciclados. Xogos de habilidades, construidos para divertirnos ao tempo que nos fan pensar e desenvolver as nosas capacidades (Imaxinación, destreza, coordinación, axilidade…)